

BOLSA DE EMPREGO PARA SUBSTITUCIÓN DA TITULAR DA PRAZA DIRECCIÓN-ASESORAMENTO PSICOLÓXICO CIM.**ACTA VI 2ª PROBA DA FASE DE OPOSICIÓN**

Reunidos no Concello de Cee, o día 12/09/2025, ás 10:00 horas, os integrantes do Tribunal cualificador para valorar as probas selectivas dos aspirantes no proceso selectivo: Bolsa de emprego para substitución da titular da praza Dirección-asesoramento psicolóxico CIM.

Presidenta Titular: ISABEL MUÑOZ RODRIGUEZ(Directora CIM Concello de Muxía)
1º Vogal Titular: MANUEL CALO CANOSA (Persoal Laboral Fixo do Concello de Cee)
2º Vogal Titular: VICTOR CASTIÑEIRA CASTRO (Funcionario de carreira do Concello de Cee)
3º Vogal Titular: Mª JOSÉ TOBA SANTABAYA (Persoal Laboral Concello de Cee)
Secretario Titular: JUAN CARLOS SANTABAYA LOUZÁN (Funcionario de carreira do Concello de Cee)

Procédese á constitución do tribunal cualificador, cos asistentes indicados.

1- PUNTUACIÓNS PROVISIONAIS PROBA 2

O obxecto da convocatoria e a preparación e posterior celebración da 2ª proba da fase de oposición:

B.- Segunda proba (de carácter eliminatorio):

Consistirá na realización por escrito, nun período máximo de dúas horas, dun suposto práctico (a escoller de dous que se facilitarán) relacionados coas materias específicas do programa e que gardarán relación cos procedementos, tarefas e función habituais da praza que se convoca. Este exercicio terá carácter eliminatorio e puntuárase ata un máximo de 10 puntos sendo necesario obter un mínimo de 5 puntos para superalo.

O exercicio será lido ante o Tribunal, podendo este realizar preguntas e solicitar aclaracións por un máximo de 15 minutos.

Neste exercicio valorarase a capacidade de análise e aplicación razoada dos coñecementos teóricos, a sistemática na formulación, a metodoloxía, a formulación de conclusións, o coñecemento e adecuada aplicación da normativa vixente así como a claridade e precisión técnica empregada.

Sendo ás 10:05 horas o tribunal da paso aos candidatos coa seguinte relación de asistentes á proba:

NOME	DNI	ASISTE PROBA
Gil Guerra, Andrea	***2316**	SI

Rematada a proba o tribunal procede a corrección e puntuación da mesma. A puntuación obtida por cada unha das candidatas nesta fase é a que se especifica no cadro seguinte:



NOME	DNI	PUNTUACIÓN PROBA	SUPERA PROBA
Gil Guerra, Andrea	***2316**	5,5	SI

2- PROBA DE COÑECEMENTO DO IDIOMA GALEGO

Non procede a realización da proba de coñecemento de lingua galega dado que os candidatos que superaron o proceso selectivo acreditan estar en posesión do CELGA4.

- 3- Acórdase proceder á publicación das puntuacións provisionais acadadas nesta primeira proba no Taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal (<https://sede.cee.gal/opencms/es/informacion/>) e, con carácter informativo, na web municipal. **As alegacións a estas puntuacións provisionais poderán presentarse nun prazo de CINCO días hábiles a contar dende a publicación das mesmas no Taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal (<https://sede.cee.gal/opencms/es/informacion/>).** As mesmas poderán presentarse no Rexistro xeral do Concello ou por calquera dos medios que establece o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Sen mais asuntos que tratar finaliza a sesión en Cee

Asdo.

Secretario

Presidente

Vogais.